



## **AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO**

**Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na  
Natureza**

**Curso Académico: 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
  - Curso 2016-2017
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
  - Curso 2017-2018
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
    - Criterio 4 - Recursos humanos
    - Criterio 5 - Recursos materiais e servizos

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Mencións/Especialidades	<b>Non hai</b>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	<b>Título exclusivo da USC</b>
Centro responsable	Facultade de Formación do Profesorado
Centro/s onde se imparte	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	<b>Non leva a profesión regulada</b>
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título é relevante, estando tamén desenvolto noutros países europeos. En España este é o único título con este perfil. O máster participou na reunión anual da EOE [16th European Institute for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning Seminar]celebrado na Marjon University en Plymouth (Reino Unido) entre o 28 de xuño e o 2 de xullo de 2017. Os dous profesores comisionados puideron comprobar a actualidade do título, e contrastar a súa experiencia coa de outras universidades que manteñen títulos similares. Presentaron dúas comunicacións en relación co máster. Nunha delas fíxose unha reflexión sobre as temáticas que xurdían nos Traballos Fin de Máster. No texto sinalábase o seguinte:

*Between 2011 and 2016, 100 students enrolled in the master's degree, of whom 83 presented their final dissertation. An important part of them were women (74.7%) and most of the students had previously graduated as teachers. What topics did they choose for their final dissertation? Popular literature and oral legends of the rural world were the most preferred subject by students followed by non-formal education institutions, but overall the concerns reflected a wide variety of interests, as shown in the table below.*

Topics 2011-2016	N	%
Conflict with the natural environment by human action	11	13,25
Inclusive Education and groups with functional diversity	8	9,64
Development of schooling in the natural environment	11	13,25
Literature and natural environment	19	22,90
Non-formal education and nature	17	20,48
Hiking and route mapping	10	12,05
Other topics	7	8,43
Total	83	100,00

Na segunda comunicación se salientaban os traballos que se están a desenvolver por parte de profesores e estudantes do máster no Barrio do Carme en Lugo, e na lagoa de Coeses do mesmo concello, con un conxunto de actuacións de recuperación en colaboración coas institucións locais.

A asistencia a este encontro deu moita visibilidade internacional ao máster e permite poñer en contacto ao seu equipo de

profesores con investigadores e docentes doutros países do mundo, e participar nunha comunidade ampla de educadores que procuran unhas mesmas metas.

Tamén salientar que no máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza se desenvolveu en primeiro lugar o programa de innovación "Plantando cara ao lume", hoxe de máis difusión e visibilidade na USC:

<http://www.usc.es/campusterra/es/content/%E2%80%98plantando-cara-%C3%B3-lume%E2%80%99-una-apuesta-de-la-usc-para-avanzar-en-la-sensibilizaci%C3%B3n-y-en-la>

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O máster desenvólvese conforme o establecido na memoria e as recomendacións do informe final de avaliación para a renovación da acreditación de 30 de xullo de 2016.

O máster non pode desenvolver programas de mobilidade do estudantado polo seu carácter anual. Porén se mantén un convenio coa universidade de Marburg (Alemaña) que permite intercambio de profesorado.

No curso 2016-2017 dous estudantes do máster puideron viaxar a illa de Naxos (Grecia) nun programa Erasmus+Landcare <http://www.usc.es/campusterra/es/content/la-usc-trabaja-en-grecia-contr-la-degradaci%C3%B3n-ambiental-al-amparo-del-proyecto-europeo>

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O máster ten unha estrutura modular. Cada módulo conta cun coordinador/a. En cada módulo se desenvolve un traballo interdisciplinar que permite unha boa coordinación entre o seu profesorado.

O prácticum ten un coordinador e na Guía de Prácticas se especifica:

*Las prácticas se llevarán a cabo tanto en instituciones públicas como en privadas y en cualquier tipo de empresa a fin de que los futuros directores se formen en actividades de gestión e intervención en entornos naturales. Para ello, se requiere que estos directores, tengan capacidad de liderazgo, perspicacia en la resolución de conflictos y habilidades para realizar con éxito los programas que pretendan desarrollar.*

*La meta del prácticum es dotar de una formación directiva, pedagógica y de intervención específica a los profesionales que trabajan estos aspectos en el sistema educativo, dirigentes y gestores de las asociaciones juveniles o deportivas, aulas de la naturaleza y otras instituciones de educación no formal que organizan actividades regladas en entornos naturales, y que ya poseen una titulación universitaria general, pero que carecen del marco epistemológico y teórico que puede ofrecer una formación específica e integral reunida en el conjunto de estudios que componen este*

máster.

Todos os estudantes fan prácticas en institucións públicas ou privadas. Se conta con suficientes centros para realizar prácticas, e os estudantes poden escoller entre varias opcións ou incluso poden propor alternativas viables con centros novos cos que se firma un convenio. Neste curso os estudantes tiveron que firmar un protocolo de non ter antecedentes de delitos con menores, e tamén se engadiu unha addenda aos convenios de prácticas que garanten a adquisición de competencias que se sinalan no programa. A dispoñibilidade de centros para facer prácticas é un dos puntos fortes da titulación.

#### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

O Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é un título en educación. Aínda que se permite unha gran variedade de titulacións de acceso, o caudal fundamental de estudantes que o solicitan son mestres graduados en Educación Infantil e Primaria: No curso 2016-2017 dos 27 estudantes matriculados, 24 tiñan o título de mestre, nalgunha das súas variedades, e dicir o 88,8%.

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

Non houbo ningunha incidencia en relación á aplicación de normativas. Houbo unha modificación no Regulamento do Traballo Fin de Máster, pero dita actualización aínda non foi aprobada polo Consello de Goberno da USC e non é visible na páxina virtual do máster.

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información sobre o título atópase na páxina da Facultade de Formación do Profesorado, que se actualiza e enriquece periodicamente [http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master\\_DAEN.html](http://www.usc.es/gl/centros/ffp/master_DAEN.html) na páxina de másteres da USC <http://www.usc.es/masteres/es/masteres/ciencias-sociales-juridicas/direccion-actividades-educativas-naturaleza>

O máster fixo un tríptico que en papel foi distribuído ás universidades españolas e asociacións e institucións galegas con interese na titulación. No seu formato dixital foi difundido polas redes sociais [páxina en facebook <https://www.facebook.com/master.daen/> e tamén na de Campus Terra, twitter <https://twitter.com/CampusTerraUSC> e facebook <https://www.facebook.com/campusterrausc/>]

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O máster aplicou este ano por primeira vez un protocolo para a comprobación de adquisicións de competencias xerais, básicas e específicas. Este instrumento permite coñecer a percepción que teñen os propios estudantes sobre a adquisicións de competencias.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As propostas de mellora do título foron levadas adiante agás a constitución de un grupo de innovación docente, aspecto este último que necesita unha máis ampla reflexión.

En referenciasas recomendacións do informe final de avaliación para a renovación da acreditación de 30 de xullo de 2016, o profesorado segue afondando na metodoloxía flipped classroom e en acadar unha maior actividade formativa práctica para os estudantes, intensificando a actividade ao aire libre. Un interese manifestado en todas as avaliacións e reunións que a coordinación do máster e o profesorado ten cos estudantes.

**3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Se constata que as relacións con empresas e institucións onde os estudantes fan prácticas, e unha boa canle para manter un coñecemento actualizado das liñas de traballo e novidades no ámbito de formación do máster. Así como permite descubrir novas cuncas de emprego. Tamén salienta que todos os anos os estudantes visitan un conxunto de institucións coas que se manteñen relacións e convenios para a súa formación, coñecendo o seu funcionamento e mantendo diálogo e debates cos seus empregados e promotores.

Os debates e acordos que se manifestan a través das actas de reunión da comisión académica manifestan un destacado interese polos aspectos pedagóxicos da formación dos estudantes.



## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste curso interviñeron na docencia 24 profesores dos que o 75% son doutores. A relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título é do 73,91%. 15 dos 24 profesores dirixiron este ano Traballo Fin de Máster, e dicir un 62,5%.

O 83% do profesorado ten docencia a tempo completo na universidade (20 dos 24 docentes), aínda que so 14 dos 24 teñen a consideración de "profesorado permanente", e dicir o 58, 33%. En conxunto teñen 25 sexenios de investigación e 70 quinquenios de experiencia docente. É o título da Facultade de Formación do Profesorado cun índice máis alto de doutores e sexenios.

A relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título mellorou sensiblemente nos dous últimos anos.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Total (%)</b>	<b>30,77</b>	<b>37,04</b>	<b>31,82</b>	<b>44,44</b>	<b>69,23</b>	<b>71,43</b>

Os índices resultan razoablemente satisfactorios.

### Cadro de Profesorado Curso 2016-2017

Nome	Doutor	Categ	Área
Dna. Virginia Aznar Cuadrado	Non	ISubst	Didac CC. Experimentais
Dna. Silvia Basanta Camiño	Non	ISubst	Área externa
Dna. Paloma Blanco Anaya	Si	ISubst	Didac CC. Experimentais
D. Vicente Blanco Mosquera	Si	ContD	Didac. Expresión Plástica

Dna. Ana Cabana Iglesias	Si	ContD	Historia Contemporánea
D. José Agustín Candisano Mera	Non	Asocia	Didac. Expresión Musical
D. Salvador Cidrás Robles	Non	ISubst	Didac. Expresión Plástica
D. Miguel Cons Ferreiro	Non	Asocia	Didac. da Expresión Corporal
D. Jesús Domínguez Conde	Si	TU	Zooloxía
D. José Federico García Fernández	Non	TEU	Economía Financeira
Dna. Beatriz Fernández Herrero	Si	TU	Filosofía Moral
Dna. Isabel Fernández López	Si	ContD	Didac. da Ling. e da Literatura
D. Rufino González Fernández	Si	ContD	Didac. e Organiz. Escolar
D. Joaquín Lago Ballesteros	Si	PAyD	Didac da Expresión Corporal
D. Javier López Quintáns	Si	Asocia	Didac. da Ling. e da Literatura
D. Federico López Silvestre	Si	ContD	Historia da Arte
D. Agustín Merino García	Si	TU	Edafoloxía e Química Agrícola
D. Rubén Navarro Patón	Si	PAyD	Didac. da Expresión Corporal
D. Juan Ortiz Sanz	Si	TU	Enxeñería Agroforestal
D. Eugenio Otero Urtaza	Si	CU	Teoría e Hª da Educación
Dna. Montserrat Pena Presas	Si	ISubst	Didac. da Ling. e da Literatura
D. Pablo Ramil Rego	Si	TU	Botánica
D. Manuel A. Rodríguez Guitián	Si	ContD	Producción Vexetal
D. Francisco Rodríguez Lestegás	Si	CU	Didac CC. Sociais

En relación coa participación do profesorado do máster en actividades de formación se constata un significativo crecemento en relación co curso anterior.

<i>Participación do profesorado en plans de formación</i>	Porcentaxe do PDI que realizou algún curso	
	2015-2016	2016-2017
DAEN	25%	41,67%

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste curso creouse unha área externa que deu cabida a unha nova profesora para a materia de *Excursionismo e vida ao aire libre*. O Persoal de Administración e Servizos implicado amosa unha razoable satisfacción no ámbito da Facultade de Formación do Profesorado, aínda que algo inferior ao ano anterior.

	2014-15	2015-16	2016-17
<b>Total</b>	<b>3,50</b>	<b>4,13</b>	<b>3,58</b>

En xeral, e conforme a serie histórica, a satisfacción do Persoal de Administración e Servizos da Facultade de

Formación do Profesorado é superior a media da universidade en referencia ao posto de traballo, e algo inferior á media en relación cos recursos dispoñibles. A participación en plans de formación baixou lixeiramente

<i>Participación do PAS do centro en plans de formación</i>	Porcentaxe do PAS que realizou algún curso	
	2015-2016	2016-2017
	<b>46,20</b>	<b>41,66%</b>

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais son suficientes e adecuados. Houbo un importante esforzo de actualización bibliográfica.

Aínda que non constan datos de anos anteriores, a satisfacción cos servizos foi alta (3,5). Porén se fai notar a necesidade de dotar de material de campo ao título, para realizar con máis intensidade actividades en contornas naturais, así como para actividades de formación dos estudantes na aprendizaxe do coidado do medio natural.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

